

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

1. Sala do mar.

O xeito é unha rede coa cal podemos pescar un tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- Peixe Sapo
- Robaliza
- **Sardiña**

O xeito é unha rede moi xeitosa... Por que?

Son das chamadas redes de enmalle, que forman unha especie de muro no que só quedan atrapadas as sardiñas adultas, pois os buratos da rede teñen o tamaño xusto para pescalas e deixar que pasen as crías que non debemos pescar.

2. Sala de oficios.

Sabiades que hai oficios con linguas segredas? Un deses oficios é o dos Telleiros e Telleiras. Cal é o nome do seu "latín" (lingua segreda)?

- Barallete
- **Cavaco**
- Arxina

Os oficios ambulantes tiñan "verbos", "falas", "latíns" que só podían coñecer as persoas que formaran parte dese oficio. Servían para gardar ben os segredos do seu traballo e tamén para sentirse parte dun grupo. O cavaco é do oficio da tellaría, o barallete de quen affán e "arxina" significa: ar-pedra, xina-preparar, é dicir, quen prepara a pedra: canteiros e canteiras!

3. Sala do Traxe.

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se concentramaioritariamente a súa comercialización?

- En Muxía
- **En Camariñas**
- En Noia

Moitas veces cando escoitamos falar do encaixe relaciónase con Camariñas, verdade? Os traballos de encaixe fanse por toda a costa galega pero, para levalos dun lado a outro, concentrábanse maioritariamente en Camariñas, por iso levou a sona.

4. Sala de música.

Buscade un texto onde se fala de canto. Cal é o canto que se fai nas vodas?

- Arrolo
- **Regueifa**
- Alalá

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

A regueifa é un canto que se facía nos casamentos. Dúas persoas competían cantando para gañar o dereito de repartir un bolo de pan (chamado regueifa) entre as persoas convidadas. Competían improvisando coplas e perdía quen non era quen de improvisar unha copla. É algo parecido ás "batallas de galos" do Rap.

Hoxe en día "regueifamos" en calquera lugar, non fai falla que sexa nunha voda. O que fai falla é que as persoas que regueifan rimen o 2º e o 4º verso. Un exemplo que vos botamos:

Estas xentes polo Museo
andiveron a buscar
unha chea de preguntas
que agora van solucionar

Respondédesnos? ;)

5. Sala de Sociedade – Zona chamada "Tempo Cíclico".

En que Festa é característico o lume?

- No Magosto
- **No S. Xoán**
- Nos Maios

O S. Xoán forma parte das festas cíclicas, que se repiten ano tras ano recibindo o verán. Hai moitos rituais que se fan nesta celebración no solsticio de verán. Por exemplo saltar a fogueira, apañar herbas, lavar a cara con elas....

Como se festexa na vosa zona?

6. Sala de arquitectura.

Fixádevos nas maquetas ou fotos. Cal é a construción que non ten a súa base na terra?

- Muíño
- **Hórreo**
- Alvariza

Os hórreos serven para almacenar cereal como o millo, conservalo e secalo, por iso teñen a característica de non estar pegados ao terreo, xeralmente húmido e ácido, e tamén para evitar que roedores poidan alcanzar o millo. Polo mesmo motivo, enriba dos soportes sempre teñen unha pedra en horizontal que se chama "torna-ratos" ou, no caso de ter escaleiras, sempre lles falta o último chanzo.

Que ben o deseñaron os nosos e as nosas antepasadas, verdade?

Moi ben feito! Agora, seguides as frechas amarelas ata a saída do Museo..



1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

1. Sala do mar.

A nasa é un arte de pesca que serve para capturar?

- Nécoras
- Polbos
- **Nécoras e polbos.**

Parece un cesto, verdade? Pero non, é un arte de pesca que se leva usando centos de anos para pescar polbos e algúns crustáceos como a nécora. O truco está no burato de entrada, que cada vez se fai máis estreito e polo que poden entrar, pero despois non dan dado a volta e non poden saír.

2. Sala de oficios.

Sabiades que hai oficios con linguas segredas? Un deses oficios é o dos Afiadores e Afiadoras. Cal é o nome da súa linguaxe peculiar?

- Cabaco
- Arxina
- **Barallete**

Os oficios ambulantes tiñan "verbos", "falas", "latíns" que só podían coñecer as persoas que formaran parte dese oficio. Servían para gardar ben os segredos do seu traballo e tamén para sentirse parte dun grupo. O cavaco é do oficio da tellaría, o barallete de quen afían e "arxina" significa: ar-pedra, xina-preparar, é dicir, quen prepara a pedra: canteiros e canteiras!

3. Sala de traxe.

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se concentra maioritariamente a súa comercialización?

- En Muxía
- **En Camariñas**
- En Noia

Moitas veces cando escoitamos falar do encaixe relaciónase con Camariñas, verdade? Os traballos de encaixe fanse por toda a costa galega pero, para levalos dun lado a outro, concentrábanse maioritariamente en Camariñas, por iso levou a sona!

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

4. Sala de música.

Buscade unha foto relacionada co baile onde hai mulleres cun obxecto enriba da cabeza. Que pensades que levan?

- Pedras
- **Bolos de Pan**
- Bolos de Madeira

A regueifa é un canto que se facía nos casamentos. Dúas persoas competían cantando para gañar o dereito de repartir un bolo de pan (chamado regueifa) entre as persoas convidadas. Competían improvisando coplas e perdía quen non era quen de improvisar unha copla. É algo parecido ás "batallas de galos" do Rap.

Hoxe en día "regueifamos" en calquera lugar, non fai falla que sexa nunha voda. O que fai falla é que as persoas que regueifan rimen o 2º e o 4º verso. Un exemplo que vos botamos: Estas xentes polo Museo / andiveron a buscar / unha chea de preguntas / que agora van solucionar

Respondédesnos? ;)

5. Sala de sociedade. ZOnada chamada "Tempo cíclico".

En que Festa adoita haber máscaras moi coloridas chamadas pantallas, cigarróns ou boteiros?

- No Nadal
- **No Entroido**
- Nas Romarías

O Entroido é unha festa cíclica do ano que se celebra por toda Galicia. En cada zona hai diferentes formas de festexalo e diferentes personaxes e máscaras, por exemplo, ademais de todas as que vistes na sala tamén podemos nomear ao Oso de Salcedo na Pobra do Brollón, as Mazcaras de Trives e Manzaneda ou os Merdeiros de Vigo, entre moitas outras.

Como se festexa na vosa zona? Hai algunha máscara tradicional?

6. Sala de arquitectura.

Buscade nas fotos unha construción circular que serve para protexer as colmeas onde as abellas fan mel. Cal o nome desa construción?

- **Alvariza**
- Pombal
- Fornada

As alvarizas son muros altos e circulares de pedra que protexen as colmeas, principalmente, dun animal moi larpeiro... Sabedes cal é? O oso! Por iso é común velas polas zonas oseiras, é dicir, polas montañas máis orientais, próximas a Asturias e León.